

CULTURA

## A Gala do Libro Galego homenaxea a Alonso Montero, Mercedes Corbillón e Ana Luísa Amaral

MONSTE GARCÍA

SANTIAGO



Xoán Crespo

O acto desenvolverase este sábado en Santiago, onde se entregarán tamén os premios ao mellor da literatura galega

04 may 2022 . Actualizado a las 17:06 h.

**A** Gala dos Premios Follas Novas do Libro Galego homenaxeará este sábado no Teatro Principal de **Santiago** ao escritor e profesor **Xesús Alonso Montero** por ser unha figura fundamental na resistencia do libro galego durante o franquismo e un impulsor do seu novo rexurdimento; a **Mercedes**

**Corbillón**, responsable das librerías Cronopios en Santiago e Pontevedra, porque «representa todo do que debe ser unha librería na actualidade tanto por as actividades como polas interrelacións que consegue entre quen escribe e quen le»; e á poeta portuguesa **Ana Luísa Amaral**, que foi elixida escritora galega universal, pero que non poderá asistir e adiarase a entrega. Estes recoñecementos son outorgados, respectivamente, pola **Asociación Galega de Editoras**, a **Federación de Librarías de Galicia** e a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**, organizadoras da gala que este ano alcanza a sétima edición..

Á entrega deste recoñecementos, hai que unirle os galardóns ao mellor da literatura galega, cun total de quince categorías, que inclúen tanto premios nos diferentes eidos literarios como distincións ás traxectorias, como é o caso de iniciativas culturais, proxectos literarios na rede e no eido do xornalismo cultural. Hai 45 finalistas.

A gala, que recupera o carácter presencial despois de dous anos pola pandemia, estará presentada polo dúo **AldaoLado** coa súa mestura de poesía, humor e música, e contará coa participación do trío musical pontevedrés **Peña**. Será a partir das 19.00 horas e tamén poderá seguirse a través da rede en Youtube.

Este acto foi presentado este mércores polos presidentes dos tres colectivos organizadores e representantes do Concello de Santiago e da Xunta. O presidente da AELG, **Cesáreo Sánchez**, resaltou que cada ano os premios se consolidan, engadindo que nesta ampliaron o proceso de escolla. Pola súa banda, o máximo representante da Federación de Librarías, **Ramón Domínguez**, lembrou que estes establecementos «teñen que ser actores principais no mundo do libro». Pola súa banda, **Henrique Alvarellos**, á fronte da Asociación Galega de Editoras, incidiu en que coa gala «o que se trata é de

**visibilizar o libro galego, que necesita conquistar espazos».** Lembrou ademais que Galicia conta con máis de vinte premios nacionais de literatura en activo. Precisamente, neste último dato tamén fixo fincapé o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, apuntado que «**hai talento, calidade e diversidade de creación**». Ademais, houbo unanimidade de todos á hora de resaltar a unión de autores, editoras e librarías, así como este traballo conxunto. «Hai que recoñecer o gran traballo que estades facendo apostando por un sector imprescindible», afirmou a concelleira de Acción Cultural de Santiago, **Mercedes Rosón**.